

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 16/04/2018, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.-

2º.-Nova Aprobación Provisional do Documento Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra (PXOM).--

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 16/04/2018, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello baixo a Presidencia de o Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

- Deisaxe sobre a mesa a Acta do día 2 de Febreiro de 2018 ó non terse redactado.-

2º.- Nova Aprobación Provisional do Documento Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra (PXOM).--

Dada conta do novo documento redactado e ante a urxencia do mesmo, producéñse as seguintes :

INTERVENCÍONS

Alcalde

Dicir, que estamos formulando unha nova aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra ante as modificacións esixidas pola Xunta de Galicia dado que dentro do Documento xa confeccionado fíxose necesario integrar un novo Informe da Axencia Galega de Infraestructuras (Estradas) e con isto chegouse a un acordo de consenso coa axuda dos Servizos da Excmá Deputación Provincial para conseguir a súa viabilidade.

As modificacións presentan unhas vías de servizo nas zonas de Sardiñeiro e na Anchoa sendo necesario establecer un Plan de Urbanización na derradeira delas dado que as licenzas urbanísticas maiores van a estar condicionadas ó Informe da citada Axencia coa indicación da saída que terán.-

É necesario, polo tanto, dar para diante o Plan e seguir coa súa tramitación para conseguir a Aprobación Definitiva por parte da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Urbanismo).-

Sr. Garcia Pouso do grupo Convergencia Galega

Dicir que dar a disculpa de telo parado a estas alturas, vai máis encamiñado a poder resolver o problema existente na recta da Anchoa que o do Plan Xeral en si mesmo.-

O Plan tamen é necesario para proceder a legalización de alguhas vivendas que durante tres anos os familiares estiveron baixo unha presión social que desde meu punto de vista non na merecen e isto é unha simple apreciación.

Inda que considero que o Plan Xeral de Ordenación Municipal ten faltas que podesen correxir, prefero ter algunha normativa urbanística actual que nada, polo que Votarei a favor da súa aprobación.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Nos Absterémonos pero pendentes da Aprobación Definitiva; dicir que nos alegramos de que o equipo de goberno tire para adelante con este Plan pero deixandolle claro que cando se tratou de resolver o problema de Mar de Fóra, vostedes votaron en contra da Area de Reparto.-

Alcalde

O Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia non admitiu aquel Área de Reparto, rechazándoa incluso no Solo Non Urbanizable; na Memoria medioambiental entrouse en todo facendo as modificacións que no seu día nos esixiron desde o citado Organismo.-

Seguidamente, unha vez examinada a documentación, o Pleno por Sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e Catro Abstencións do grupo Popular acorda :

1) Aprobar o Documento Refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra de data Abril de 2018 redactado pola Empresa ALFONSO BOTANA S.L. que foi aprobado provisionalmente na sesión do día 17 de Marzo de 2016 coas modificacións posteriores que lle foron introducidas en virtude dos requerimentos efectuados pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e os derivados dos Informes emitidos polos Organismo sectoriais.-

2) Remitir Certificación deste acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para o seu Informe e posterior Aprobación Definitiva.-

3) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que no nome e representación desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 20:15 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.